PONTE emprego

19 de NOVEMBRO de 2012 BOLETÍN ESPECIAL FEIRA DE EMPREGO PonteempreGO Nº 114

INDICE

SAÚDA
p. 03

PROGRAMA DÍA 21
p. 05

PROGRAMA DÍA 22
p. 06

BOLSA DE EMPREGO E STANDS
p. 07

OFERTAS DE EMPREGO
p. 08

STANDS
p. 17

EMPRESAS COMPROMETIDAS CO EMPREGO
p. 18

buscas emprego?

desexas formarte?

ofreces traballo

queres recibir orientación laboral?

precisas asesoramento para a creación da túa empresa?

ponte EMPREGO

www.proxectoiles.es

PonteEmprego é un boletín dixital do Concello de Pontevedra, no que consultar ou publicar ofertas de traballo e formación é totalmente

Gratis


Iles Concello de Pontevedra


@Proxectoiles



www.proxectoiles.es

PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños
Lourizán 36153 Pontevedra
e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es


CONCELLO DE PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO




UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
EL FONDO SOCIAL EUROPEO INVIERTE EN TU FUTURO

21 e 22 novembro 2012

Pazo da Cultura de Pontevedra





FEIRA DE EMPREGO DE PONTEVEDRA

PonteEmpreGO!
Feira de emprego de Pontevedra

¡Inscríbete xa!

ENVÍA OS TEUS DATOS AO EMAIL:
INSCRICIONS@FEIRAEMPREGO.ES

¡Achégate e deixa o teu currículo!



+EMPRESAS
+CONFERENCIAS
+WORKSHOPS
+IDEAS













PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es

SAÚDA

Carlota Román: "PonteEmprego pretende ser un punto de encontro entre as persoas que están á procura de traballo e as empresas"



A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Turismo, que dirixe a socialista Carlota C. Román García, pon en marcha unha iniciativa pioneira en Pontevedra. O Pazo da Cultura acollerá entre o próximo mércores, día 21, e o xoves, día 22, a primeira edición da feira do emprego PonteEmpreGO!.
Será un punto de encontro entre empresarios/as, emprendedores/as e desempregados/as. Cada un deles terá ocasión de sacar partido aos coñecementos que se van compartir durante estes dous días.
En PonteEmpreGO! todos teñen cabida.
Conferencias temáticas, miniconferencias sobre proxectos empresariais de éxito, obradoiros de emprendemento, Stands formativos e a **bolsa de emprego** para facilitar a os/as participantes a procura dun emprego configuran as distintas partes do evento.
Carlota Román debuxa nesta entrevista os motivos que a levaron a materializar esta aposta, os retos organizativos e as súas inquedanzas diante da difícil situación actual para o mercado laboral.

- **Como xorde a idea de organizar unha feira do emprego en Pontevedra?**

Non quedaba máis remedio que facer algo. Cando estamos aproximándonos aos 6 millóns de parados e cun 50% de desemprego xuvenil, as Administracións debemos actuar, e debemos tomar decisións sendo moi conscientes desta grave situación. Quero deixar claro que os concellos non temos competencias en políticas activas de emprego, pero, a pesar de todo, doíame a sensación de que alguén puidera pensar que estabamos de brazos cruzados. Hai unha responsabilidade que vai máis alá das competencias legais.

- **A quen vai dirixida PonteEmpreGO!?**

A os/as desempregados/as do municipio e aquela persoas en busca activa de emprego. Iso teño que deixalo moi claro. Xa me gustaría ter medios e capacidade para facer un evento de rango provincial, pero sería imposible de manexar e penso que o Concello de Pontevedra non é quen para atribuírse algo así, que corresponde, en todo caso a outras institucións cun ámbito máis amplo. PonteEmpreGO! pretende ser un punto de encontro entre as empresas e as persoas que procuran traballo. Queremos un espazo aberto á comunicación, innovador e práctico durante dous días.

"Montamos a feira porque, máis alá das competencias legais, non podiamos quedar de brazos cruzados"

- **Que dificultades entraña a organización dun evento deste tipo?**

A principal dificultade chega da man da novidade. Falamos da primeira feira deste tipo que se celebra en Pontevedra. Ao non haber precedentes, o esforzo é maior. Estamos diante dun evento que, polas súas características, esixe un esforzo previo de planificación e estudo moi importantes. Había que definir o perfil dos participantes e os resultados que queremos acadar. Logo está a elección do espazo: buscamos un lugar funcional, acolledor e de fácil acceso, como o Pazo da Cultura. Finalmente, outra dificultade é a coordinación das axendas dos conferenciantes e a selección dos expertos que van participar, para que haxa un bo nivel. En suma, un esforzo grande que sería imposible de non contar coa total implicación do equipo do programa municipal de formación e inserción laboral (ILES). Quero agradecer o esforzo do seu director e de todo o equipo de ILES.

iles INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO SOCIAL www.proxectoiles.es
PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es
CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO
CONCELLO DE PONTEVEDRA
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
UNIÓN EUROPEA FONDO SOCIAL EUROPEO EL FONDO SOCIAL EUROPEO INVIERTE EN TU FUTURO

- **Con que relatores contan?**

Contamos cunha gran variedade. Expertos/as das Universidades, da Escola de Negocios Novacaixagalicia, institucións empresariais (Cámara de Comercio de Pontevedra, AJE, AEMPE...), empresas como Moldes, Begano... expertos en "coaching", persoal técnico do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Ega Consultores, etc. A guinda chegará cunha conferencia do economista Emilio Ontiveros, para falar sobre evolución do emprego e perspectivas de futuro.

- **De tódolos xeitos, PonteEmpreGO! non é un evento centrado unicamente en conferencias. Que outras cousas inclúen? A que tipo de público se dirixen? A quen lle pode interesar pasarse polo Pazo da Cultura?**

Primeiro de todo, é unha feira dirixida a os/as pontevedreses/as. Especificamente a persoas desempregadas, traballadores que buscan mellorar, estudantes de último ano, tanto de ciclos medios como superiores, emprendedores/as, empresas en procura de accións de Responsabilidade Social Corporativa, empresas ofertantes de emprego... A todos eles ofrecerémoslles uns stands informativos onde as empresas, asociacións, consultoras e sindicatos porán a disposición do público todo tipo de información sobre o proceso de busca de emprego. Outro dos apartados máis suxestivos será o apartado que decidimos chamar "Máis Ideas": consiste en miniconferencias de 30 minutos onde os emprendedores poderán falar dos seus éxitos e fracasos. Queremos que teña un contido eminentemente práctico e áxil. Tamén haberá uns obradoiros para aprender diferentes habilidades á hora da procura do emprego ou iniciarse nun emprendemento. Habilitarase a **bolsa de emprego**. Quero, non obstante, deixar moi claro que non se trata de prometer un posto de traballo, pero si de axudar a ligar perfís de empresas e demandantes. Todo elo xestionarémolo a través da páxina web do programa municipal ILES (www.proxectoiles.es)

- **Manexar un volume de xente tan grande como o que agardan parece un reto loxístico...**

Sabemos que o número de participantes será moi elevado. O noso principal reto é satisfacer a todos eles. Por elo, admitiremos xente ata que se complete o aforo. O reto loxístico diferenciámolo en catro apartados: infraestruturas (xestión dos espazos do salón de actos, instalacións, stands...), comunicación (dar a coñecer o desenvolvemento da feira tanto aos medios tradicionais como a través das redes sociais), coordinación das ponencias e xestión da bolsa de emprego.

- **Cales son os obxectivos da feira? Que pretende vostede conseguir con PonteEmpreGO!?**

O primeiro, tomar a iniciativa. Non quedar inmóbiles diante do que está a pasar. Queremos transmitir experiencias e reflexións que faciliten e orienten a procura de emprego entre os asistentes. A segunda cousa que me preocupa é fomentar o emprendemento, que, na miña opinión, é a gran alternativa de futuro profesional. O autoemprego é moito máis que unha simple palabra. Xa non se pode pensar en solucionar o futuro profesional pensando en acceder á función pública, porque o adelgazamento das Administracións faino imposible. A cultura do século XXI ten que dirixirse ao emprendemento e o autoemprego. Estou convencida de que PonteEmpreGO! será unha plataforma de gran valor para as empresas, que posibilitará unha xestión óptima dos recursos humanos. E, finalmente, aspiro que para os desempregados se convirta nun canal de alto valor engadido, para acadar un emprego.

"O autoemprego e o emprendemento son, arestora, moito máis que simples palabras"

- **PonteEmpreGO! é unha iniciativa illada ou ten encaixe dentro dunha programación máis ampla da Concellería de Promoción Económica, Turismo e Emprego?**

Esta actividade forma parte do plan anual da Concellería. Ao longo deste ano estivemos desenvolvendo actividades como a creación dun viveiro de empresas, a promoción de feiras e congresos (turismo de negocios), asinamos un convenio de coordinación de actividades coas institucións empresariais da cidade, desenvolvemos actividades de promoción do comercio local, puxemos en marcha a Mesa Local de Comercio e botamos a andar a quinta edición de ILES, un proxecto que me dá a enorme satisfacción de poder dicir que imos formar laboralmente a case 400 persoas. Creo sinceramente que fixemos cousas, pero preocúpame moito a evidencia de que todas estas accións están limitadas diante do efecto brutal dos recortes que se están a facer no marco da atroz política de austeridade que padecemos.

iles INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO SOCIAL www.proxectoiles.es
PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es

CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO
UNIÓN EUROPEA FONDO SOCIAL EUROPEO EL FONDO SOCIAL EUROPEO INVIERTE EN TU FUTURO

PROGRAMA DÍA 21

09:30h. **Apertura da Feira**
14.00h. **Peche mediodía**
16.00h. **Apertura da feira e reanudación de actividades**
20.30h **Peche da Feira**

Salón de Actos		Auditorio +Ideas	
10.00h.	Ceremonia de apertura de coas autoridades convidadas: **Antón Louro Goyanes**, Tte Alcalde do Concello de Pontevedra **Carlota C. Román García**, Concelleira delegada de Promoción Económica, Emprego e Turismo **Francisco Moldes Lopez,** Grupo Moldes **Magín Alfredo Froiz Planes**, Grupo froiz	11:00h.	"Competencias profesionais: o seu papel na selección" **María Luisa Padilla**, Escola de Negocios Novacaixagalicia
10.30h.	"Certificado de profesionalidade: Acreditación de competencias" **Juan José Lopez Peña**, Orientador laboral	12.00h.	"Emprego 2.0" **Xosé Alberte Cea**, orientador laboral e socio consultor de XESTA Xestión de emprego e persoas
11:30h.	"Orientación laboral: á procura de traballo" **Anabel Martinez**, IDAE Consultores	13:00h.	"Mesa redonda: Na procura de traballo no extranxeiro" **Elena Romero** de Over The Rainbow **Luis Miguel Díaz Losada** da Asociación Integra.
12:30h.	"Descubrir o sorprendedor que levas dentro" **Marisol Vázquez**, consultora e profesional training		
16.30h.	"¿Que buscan as empresas? Perfís máis demandados" Representantes de Begano, Construcciones Crespo e Grupo Coserpont	16:00h.	"Casos de éxito: a motivación do grupo"
		17:00h.	"Ponte en marcha con coaching" **Sandra González Roig**, especialista en coaching da Delegación IEC Galicia
17.30h.	"A procura de emprego en época de crise" **Emilio Ontiveros**, economista e presidente de EFA	18:00h.	"Como venderte: a importancia da imaxe" **María Isabel Míguez González**, profesora da Universidade de Vigo.
18:30h.	"Nocións básicas de contratación laboral" **José María Corujo** do Colexio de Graduados Sociais	19.00h.	"Como afrontar unha entrevista de traballo" **Avelino Cerdeira,** profesor colaborador na Escola de Negocios Novacaixagalicia.

iles INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO SOCIAL www.proxectoiles.es
PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es
CONCELLO DE PONTEVEDRA CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO
UNIÓN EUROPEA FONDO SOCIAL EUROPEO EL FONDO SOCIAL EUROPEO INVIERTE EN TU FUTURO

PROGRAMA DÍA 22

09:30h. **Apertura da Feira**
14.00h. **Peche mediodía**
16.00h. **Apertura da feira e reanudación de actividades**
20.30h **Peche da Feira**

Salón de Actos	Auditorio +Ideas
10.30h. "Onde atopar cartos para a túa idea empresarial: socios capitalistas ou financiamento" **Fernando Álvarez** do IGAPE 11.30h. "Produtos financieiros básicos para Pemes" Representantes de Banco Etcheverría, La Caixa e Nova GaliciaBanco 12.30h. "Dificultades para ser emprendedor: erros e solucións" Representantes de AJE, Cámara Comercio de Pontevedra e AEMPE	11:00h. "O papel dos sindicatos na empresa e nos traballadores" Representantes de CC.OO. e UGT 12.00h. "Comunicación en entrevistas persoais" **Emma Torres Romay**, profesora da Universidade de Vigo 13:00h. "Casos de éxito: Platú" **Cristina Codiso** de Bodegas Platú.
16.30h. "Cómo xorden as ideas empresariais, onde buscar" **María Bobillo** 17.30h. "Internet como ferramenta" Profesor da Universidade de Vigo 18.30h. "Réxime especial de traballadores autónomos: preguntas e respostas" **María García**, Asesora	16.00h. "Como ser feliz sen ser idiota" **Javier Cebreiros** de Infojc. 17.00h. Casos de éxito: TEKPLUS Aerospace. 18.00h. "Como vender unha idea" **Jesús Pérez Seoane**, profesor da Universidade de Vigo. 19.00h. "Como fixar o prezo do teu producto/servizo" por **María Jesús Fernández Arias**, profesora da Universidade de Vigo.

iles INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO SOCIAL www.proxectoiles.es
PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es
CONCELLO DE PONTEVEDRA CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
UNIÓN EUROPEA FONDO SOCIAL EUROPEO EL FONDO SOCIAL EUROPEO INVIERTE EN TU FUTURO

BOLSA DE EMPREGO E STANDS

BOLSA DE EMPREGO

O horario da bolsa de emprego será de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:00

Empresas que colaboran na publicación de ofertas de traballo

SOLGEST
ADECCO
NORTEMPO
MANPOWER
CONFOROCIO
CEGAFOR
ALLIANCE
GRUPO MOLDES:
DELOITTE
ACADEMIA POSTAL
BRICOKING
ICE IMAGINACIÓN
EGA CONSULTORES
IMAN TEMPORING
FIMEGA
ACCIONA
SEGURCAIXA
SACENDI
LA TIENDA DE CLARA
ORIENTA
BANCO MEDIOLANUM
ARA FORMACIÓN
UNIQUE
IDAE CONSULTORES
FLEXIPLAN

STANDS

CÁMARA DE COMERCIO DE PONTEVEDRA
ASOCIACION JOVENES EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA
AEMPE
FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN
COGAMI
OVER THE RAINBOW
IGAPE
CC. OO.
UGT
BANCO ETCHEVERRIA
ADECCO
ESCUELA DE NEGOCIOS NOVACAIXAGALICIA
DOPETEL COMUNICACIONES
GRUPO MOLDES
CONCELLO DE PONTEVEDRA – CONCELLERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E TURISMO

iles INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO SOCIAL www.proxectoiles.es
PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es
CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO
CONCELLO DE PONTEVEDRA
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
UNIÓN EUROPEA FONDO SOCIAL EUROPEO EL FONDO SOCIAL EUROPEO INVIERTE EN TU FUTURO

OFERTAS DE EMPREGO

CARRETILLEIRO/A

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Moldes
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Educación secundaria obrigatoria. Experiencia mínima de 1 ano en posto similar. Persoa seria e responsable
Condicións: Xornada completa a quendas
Contacto: Ref. 12-001 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Moldes de 10:00 a 11:00 e de 16:30 a 17:30

OPERARIOS DE PRODUCIÓN

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Eulen Selección
Localidade: Provincia de Pontevedra
Descrición: Operarios/as para departamento de produción
Requisitos: Dispoñibilidade para traballar por quendas
Contacto: Ref. 12-002 Enviar CV a aares.flexiplan@eulen.com

10 OPERARIOS/AS DE CARRETILLA

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Solgest
Localidade: Cambados
Descrición: Labores de manipulación e clasificación de peixe en empresa conserveira
Requisitos: Imprescindible experiencia, carné de carretilleiro/a e de manipulador/a de alimentos
Condicións: Contrato obra ou servizo, xornada completa. Dispoñibilidade horaria para traballar a quendas de mañá ou tarde
Contacto: Ref. 12-003 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Solgest o día 21 de 10:00 a 14:00

10 OPERARIOS/AS DE LIMPEZA ATÚN COCIDO

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Solgest
Localidade: Cambados
Requisitos: Carné manipulador/a de alimentos, experiencia dun ano en limpeza de atún cocido en empresas do sector conserveiro. Valorarase experiencia como carnicero ou matarife
Condicións: Xornada completa. Contrato obra ou servizo
Contacto: Ref. 12-005 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Solgest o día 21 de 10:00 a 14:00

15 OPERARIOS/AS DE LIMPEZA ATÚN COCIDO

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Solgest
Localidade: O Grove
Requisitos: Carné manipulador/a de alimentos, experiencia dun ano en limpeza de atún cocido en empresas do sector conserveiro
Contacto: Ref. 12-004 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Solgest o día 21 de 10:00 a 14:00

1 OPERARIO/A DE CONSERVAS E PEIXE CONXELADO

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Alliance selecciona
Localidade: Vigo
Requisitos: Imprescindible experiencia e posto similar
Condicións: Contrato eventual
Contacto: Ref. 12-105 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Alliance 10:00 a 13:00 ou enviar currículo a seleccionvigo@grupoalliance.com

1 CARRETILLEIRO/A

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower ETT selecciona
Localidade: Porriño
Descrición: Carretilleiro/a
Requisitos: Experiencia mínima dun ano no mesmo posto. Carné de carretilleiro/a
Condicións: Substitucións- cobertura de baixas
Contacto: Ref. 12-006 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

MONTADORES/AS

Publicado: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Ice imaginación
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Estudos mínimos de ESO. Experiencia mínima dun ano.. Carne de conducir B1, con experiencia en manexo de furgonetas. Dispoñibilidade horaria e de desprazamento
Condicións: Para o departamento de loxística**.** Para desenvolver traballo loxísticos e montaxe en campaña de nadal
Contacto: Ref. 12-099 - Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Ice imaginación de 11:00 a 13:00 e de 17:00 a 19:00

1 CARRETILLEIRO/A

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower
Localidade: Vigo
Descrición: Carretilleiros/as
Requisitos: Con carné de carretilla. Manexo da carretilla retráctil lateral
Condicións: Salario segundo convenio
Contacto: Ref. 12-007 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

1 MATRICEIRO/A

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Sector automoción
Localidade: Vigo
Descrición: Realizar o mantemento preventivo e de seguridade dos troqueis e útiles. Realizar os mantementos correctivos precisos para asegurar o funcionamento correcto dos útiles e troqueis. Reducir ao mínimo posible os tempos de parada das máquinas. Optimizando e mellorando os troqueis. Informar ao responsable de matriceiría o de mantemento dos problemas detectados nos troqueis. Rexistrar e arquivar as incidencias e reparacións en ordes de traballo
Contacto: Ref. 12-008 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES ou enviar CV a vigoseleccion@nortempo.com

8 SOLDADORES/AS MANUAIS SMAW

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Adecco ETT selecciona
Localidade: Vigo
Descrición: Soldar de forma manual pezas previamente armadas polos/as caldereiros/as. Resanar reparacións para posteriormente soldalas con manual. Resanar esquinas de tellas para a súa posterior soldadura manual
Requisitos: Experiencia mínima de 2 anos no posto con pezas con mínimo 40 mm de espesor. Coñecementos de arco aire. Formación mínima: FP Caldeirería e Soldadura, Homologación en soldadura con electrodo revestido con electrodo básico en posición 3G e/ou 6G. Dispoñibilidade de incorporación inmediata
Contacto: Ref. 12-010 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo de Adecco, 10:00 a 13:00 h

iles INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO SOCIAL www.proxectoiles.es
PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es

CONCELLO DE PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
UNIÓN EUROPEA FONDO SOCIAL EUROPEO EL FONDO SOCIAL EUROPEO INVIERTE EN TU FUTURO

8 SOLDADORES/AS ARCO SUMERXIDO (AUTOMÁTICA/SAW)

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Adecco ETT selecciona
Localidade: Vigo
Descrición: Preparar o posto para poder soldar coa maquinaria, soldar coa columna ou máquina de arco sumerxido, repasar con amoladora os defectos que poida deixar ao soldar
Requisitos: Experiencia mínima dun ano en soldadura con arco sumerxido / automática / SAW preferiblemente en espesores superiores a 40 mm. Homologación en soldadura de arco sumerxido UNE/AWS
Condicións: Incorporación inmediata, contratación directa pola
Contacto: Ref. 12-011 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo de Adecco, 10:00 a 13:00 h

OPERARIOS/AS DE ALMACÉN

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Eulen
Localidade: Provincia de Pontevedra
Requisitos: Dispoñibilidade horaria completa para traballar a quendas. Valorable curso de carretilleiro/a.
Contacto: Ref. 12-009 Enviar CV a aares.flexiplan@eulen.com

1 CAMAREIRO/A DE PISOS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Alliance selecciona para hoteis
Localidade: Sanxenxo e Vigo
Requisitos: Imprescindible experiencia previa
Condicións: Contrato eventual
Contacto: Ref. 12-012 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Alliance 10:00 a 13:00 ou enviar currículo a seleccionvigo@grupoalliance.com

1 LIMPADOR/A INDUSTRIAL ALIMENTARIA

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Acciona Facility Services, S.A
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Preferiblemente experiencia en limpeza industrial
Condicións: Días de traballo: xoves e sábados
Contacto: Ref. 12-013 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES

1 COCIÑEIRO/A

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: La Tienda de Clara
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia e referencias
Condicións: Ref. 12-014 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES

5 COCIÑEIROS/AS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Alliance selecciona para hoteis
Localidade: Sanxenxo e Vigo
Requisitos: Imprescindible experiencia
Condicións: Contrato eventual
Contacto: Ref. 12-016 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Alliance 10:00 a 13:00 ou enviar currículo a seleccionvigo@grupoalliance.com

1 AXUDANTE/A DE COCIÑA

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: La Tienda de Clara
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia e referencias
Condicións: Ref. 12-015 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES

4 CAMAREIROS/AS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: La Tienda de Clara
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia e referencias
Contacto: Ref. 12-018 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES

15 CAMAREIROS/AS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Alliance selecciona
Localidade: Galicia
Descrición: Camareiros/as profesionais
Requisitos: Experiencia en eventos e banquetes
Condicións: Salario convenio colectivo con mellora. Contratos por días soltos
Contacto: Ref. 12-020 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Alliance 10:00 a 13:00 ou enviar currículo a seleccionvigo@grupoalliance.com

4 CAMAREIROS/AS-DEPENDENTES DE PANADERÍA

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Nortempo ETT selecciona
Localidade: Pontevedra
Descrición: Despachar na barra e servir en mesa coa bandexa
Requisitos: Experiencia en postos de atención ao público, hostalería e en manexo de bandexa
Condicións: Xornada completa e estabilidade laboral
Contacto: Ref. 12-021. Enviar CV a adminporrino@nortempo.com

1 COCTELEIRO/A

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: La Tienda de Clara
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia e referencias
Contacto: Ref. 12-019 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES

3 CONSULTORES/AS DE BANCA PERSOAL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Banco Mediolanum
Localidade: Pontevedra
Descrición: Para persoas emprendedoras que queiran desenvolverse profesionalmente ofrecendo un servizo de consultoría financeira personalizada a unha carteira de clientes
Requisitos: Titulación mínima de Diplomatura ou BUP ou similar se ten experiencia demostrada no mundo financeiro ou da empresa
Condicións: Contrato de Axente Representante. Ofrécese incorporarse a un equipo de profesionais con ampla experiencia, formación de alto nivel e desenvolvemento de carreira.
Contacto: Ref. 12-022 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Banco Mediolanum de 11:00 a 13:00 h

COMERCIAL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Telecomunicaciones Dope SL
Localidade: Lugo, santiago, Vigo
Requisitos: 10 comerciais con don de xentes, vehículo propio, de 19 a 45 anos, persoa con ganas de traballar
Condicións: Indefinido, Xornada completa
Contacto: Ref. 12-125 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES

1 TÉCNICO/A COMERCIAL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Ega Consultores
Localidade: Vigo
Descrición: Mantemento e captación de clientes na provincia de Pontevedra (Industrias, Colexios, Centros Comerciais, Hospitais, Hoteis, Comunidades de Veciños, Pemes). Estudo das necesidades por parte do cliente. Presentación de ofertas técnicas e económicas. Contratación de mantementos e instalación de protección contra incendios (Proxectos, extinción fixa, detección de incendios, sistemas de ventilación, sinalización, luces de emerxencia e plans de emerxencia)
Requisitos: Formación Profesional de Grao Superior. Experiencia mínima demostrable 2 anos comercializando solucións (instalacións e mantemento) de produtos de seguridade contra incendios e carteira de clientes. Experiencia en canal de venda directa
Contacto: Ref. 12-023 - inscribirse na páxina web de egamepleo www.egaempleo.com

1 COMERCIAL SECTOR PAPELERÍA

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Adecco ETT selecciona
Localidade: Vigo
Descrición: Ampliación de carteira de clientes, mantemento e seguimento de todos/as os/as clientes
Requisitos: Imprescindible experiencia previa e recente como comercial no sector de papelería. Boa comunicación oral. Dispoñibilidade horaria
Condicións: Posto estable e con posibilidades reais de desenvolvemento
Contacto: Ref. 12-017 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo de Adecco, 10:00 a 13:00 h

ADMINISTRATIVOS/AS XESTIÓN COMERCIAL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower ETT
Localidade: Vigo
Descrición: Departamento comercial. Atención diaria e telefónica a clientes, petición de ofertas e xestión comercial
Requisitos: FP secretariado, administrativo ou similar con idiomas: francés, inglés e alemán
Condicións: Segundo convenio
Contacto: Ref. 12-030 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo MANPOWER o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

1 PROMOTOR/A DE TELEFONÍA MÓBIL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower ETT
Localidade: Pontevedra
Descrición: Promotor/a de telefonía móbil. Substitucións - Cobertura de vacacións, baixas
Requisitos: Experiencia en venta de telefonía móbil de ao menos un ano.
Contacto: Ref. 12-026 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

1 PROMOTOR/A DE TELEFONÍA MÓBIL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower ETT
Localidade: Poio
Descrición: Promotor/a telefonía móbil.
Requisitos: Experiencia na venda de telefonía móbil de cando menos un ano.
Condicións: Substitucións - Cobertura de vacacións, baixas
Contacto: Ref. 12-027 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

15 AXENTES DE TELEMARKETING

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Solgest ETT
Localidade: Vigo
Requisitos: Requírese experiencia en atención ao cliente u outras actividades de contido comercial (atención ao público, vendas, etc, capacidade de comunicación. Manexo de ferramentas informáticas, experiencia demostrable en atención ao cliente
Condicións: Xornada intensiva, dispoñibilidade para traballar os fins de semana
Contacto: Ref. 12-024 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Solgest o 21 de 10:00 a 14:00 h

4 ASESORES/AS COMERCIAIS DE SEGUROS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: SegurCaixa Adeslas
Localidade: Pontevedra
Descrición: Desenvolvemento de carreira profesional dentro da compañía, comercializando unha importante gama de produtos. Funcións: captación de clientes, tanto particulares coma Pemes, desenvolvemento de iniciativas comerciais, apoio activo ás campañas de captación e promoción comercial, xestión de carteira de clientes.
Requisitos: ESO. Experiencia mínima en vendas de 1 ano. Capacidade organizativa. Vocación e aptitude comercial. Orientación ao cliente
Condicións: Contrato mercantil. Fixo e comisións. Atractiva remuneración. Plan de formación continuo e personalizado a cargo da empresa. Apoio constante na prospección de clientes, facilitando material de apoio comercial e soporte a vendas. Estabilidade profesional. Incorporación inmediata. Plan de carreira/desenvolvemento. Valorable estudos superiores
Contacto: Ref. 12-025 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo ILES

1 PROMOTOR/A DE TELEFONÍA MÓBIL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower ETT
Localidade: Vigo
Descrición: Promotor/a telefonía móbil
Requisitos: Experiencia na venda de telefonía móbil de cando menos un ano.
Condicións: Substitucións, vacacións e baixas
Contacto: Ref. 12-028 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

1 INFORMADOR/A TURÍSTICO

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower ETT
Localidade: Pontevedra
Descrición: Informador/a Turístico
Requisitos: Experiencia como Informador/a turístico. Licenciados en xeografía, historia ou historia da arte. Diplomado en turismo. Técnicos de empresas ou actividades turísticas. Técnico superior en comercialización e información turística. Técnicos superiores en aloxamentos. Técnicos superiores en axencias de viaxes. Técnicos especialistas en administración hoteleira ou en axencias de viaxes. Coñecemento do idioma Inglés e outro idioma comunitario
Condicións: Substitucións - Cobertura de vacacións e baixas
Contacto: Ref. 12-029 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

PROMOTORES/AS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower ETT
Localidade: Vigo
Descrición: Promotoras sección cosmética e perfumaría.
Requisitos: Experiencia no asesoramento ao cliente. Flexibilidade horaria
Condicións: Salario segundo convenio
Contacto: Ref. 12-031 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

1 ASESOR/A COMERCIAL VIDA

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Adecco ETT selecciona
Localidade: Vigo
Descrición: Comercialización de produtos financeiros e de vida, prospección de mercado, creación da propia carteira e fidelización de cliente
Requisitos: Formación mínima: Licenciado/a (absterse outras). Perfil comercial proactivo, dinamismo e iniciativa, orientación ao logro de obxectivos. Valorarase experiencia adquirida en actividades comerciais (sobre todo do sector servizos)
Condicións: Formación continua que inclúe a realización dun postgrao en universidades de prestixio. Comisión por vendas
Contacto: Ref. 12-032 - Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo de Adecco, 10:00 a 13:00 h

iles INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO SOCIAL www.proxectoiles.es
PROXECTO ILES - CONCELLO DE PONTEVEDRA
Tef. 986 84 16 06 Fax. 986 84 13 75
Avda. das Camelias 3, Urb. Pontemuiños - Lourizán 36153 Pontevedra
www.proxectoiles.es e-mail: iles_administracion@concellopontevedra.es

CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EMPREGO E TURISMO
CONCELLO DE PONTEVEDRA
UNIÓN EUROPEA FONDO SOCIAL EUROPEO

5 RECEPCIONISTAS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Alliance selecciona para hoteis
Localidade: Sanxenxo e Vigo
Requisitos: Imprescindible experiencia previa e coñecemento de idiomas
Condicións: Contrato eventual
Contacto: Ref. 12-033 - Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Alliance 10:00 a 13:00 ou enviar currículo a seleccionvigo@grupoalliance.com

1 RECEPCIONISTA BILINGÜE

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Manpower
Localidade: Vigo
Descrición: Recepcionista
Requisitos: Bilingüe en inglés con coñecementos de francés
Condicións: Substitucións, vacacións ou baixas
Contacto: Ref. 12-034 Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Manpower o día 21 de 10:00a 14:00 e de 16:30 a 19:00 ou inscrición e información en www.manpower.es

1 RESPONSABLE DE RECURSOS HUMANOS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Alliance selecciona
Localidade: Vigo
Requisitos: Diplomatura ou Licenciatura. Experiencia mínima de 5 anos na área de Recursos Humanos. Coñecementos en PRL
Condicións: Contrato eventual con posibilidade de ser indefinido
Contacto: Ref. 12-035 - Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Alliance 10:00 a 13:00 ou enviar currículo a seleccionvigo@grupoalliance.com

1 RESPONSABLE DE LOXÍSTICA E COMPRAS

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Grupo Eulen
Localidade: Lalín
Requisitos: Enxeñería Industrial ou Licenciatura en Administración de Empresas, con experiencia mínima de tres anos como responsable de loxística e/ou compras. Nivel alto en inglés. Dominio do paquete office. Habilidades de negociación, capacidade de organización e planificación e traballo en equipo
Condicións: Incorporación inmediata en empresa consolidada. Contrato laboral inicial temporal con posibilidade de indefinido.
Contacto: Ref. 12-036. Enviar a aares.flexiplan@eulen.com

1 RESPONSABLE DE LOXÍSTICA

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Ega Consultores
Localidade: Vigo
Descrición: Funcións: desenvolver política de loxística, planificar produción segundo necesidades do cliente, contacto con clientes e provedores (previsións, plannings), análise e optimización dos procesos loxísticos, xestión de stocks e organización de inventarios, etc
Requisitos: Enxeñería técnica industrial ou superior, preferentemente na especialidade de Organización. Valorarase formación de posgrao. Experiencia mínima de 3 anos en funcións descritas no sector da automoción, experiencia e/ou coñecementos de Lean Manufacturing. Imprescindible nivel alto de inglés. Valoraranse coñecementos de francés. Manexo de ferramentas con Rp e nivel avanzado de excel
Contacto: Ref. 12-037 Información e inscrición en www.egaempleo.com

CREATIVO/A

Publicado: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Ice imaginación
Localidade: Pontevedra
Requisitos: FP en publicidade o RR.PP ou Belas Artes. 1 ano de experiencia. Dispoñibilidade horaria e de desprazamento
Condicións: Para traballos de maquetación e deseño gráfico
Contacto: Ref. 12-098 - Entregar CV na Bolsa de emprego no espazo Ice imaginación de 11:00 a 13:00 e de 17:00 a 19:00

1 RESPONSABLE DEPARTAMENTO INTERNACIONAL

Publicada: Proxecto ILES 19/11/12
Empresa: Empresa do sector turístico
Localidade: Provincia de Pontevedra
Descrición: Funcións: encargarase de potenciar a chegada de turistas do estranxeiro e xestionar a oferta turística da empresa nos mercados de destino.
